


Escritores no Camiño

[Ruta do Camiño Portugués pola costa](#)





Ruta do Camiño Portugués pola costa

118 kms

Esta ruta introdúcese en Galicia pola **Guarda** e discorre paralela á costa ata adentrarse progresivamente cara o interior aínda na provincia de Pontevedra en dirección a **Compostela**. A localidade da Guarda destaca pola importancia do seu porto pesqueiro, ante o que se levantan as típicas fachadas coloridas de casas estreitas nunha zona repleta dun ambiente distendido de bares e restaurantes nos que degustar produtos pescados no día. Así, mesmo, recomendamoslle ao visitante subir ao **Monte Trega**, no que se conserva unha citania de época castrexa.

O escritor **Francisco Álvarez Koki** é oriundo da Guarda e un activo difusor da cultura galega en Nova York, onde reside, a través do Colectivo Celso Emilio Ferreiro, que el mesmo fundou. Son varias as editoriais españolas que teñen publicado títulos seus como *Miradas de Nueva York*, *A memoria das palabras*, *Vasorias Barreiro*, *Un neno na emigración* ou *El libro de Lourenzo*, entre outros.

Continuando cara o norte, chegamos ao Concello de **Nigrán**, onde se atopa a localidade costeira de **Panxón**, en cuxa praia de Madorra se inicia a novela *A praia dos afogados*, de **Domingo Villar**, protagonizada polo inspector de policía Leo Caldas, na que aparece un cadáver do que terá que resolver os motivos da súa morte. Villar é un escritor que foi galardoado co Premio Antón Losada Diéguez, o Premio Frei Martín Sarmiento ou o Premio Sintagma, entre outros, grazas aos casos de investigación que ficciona para o policía que





protagoniza as súas outras novelas: *Ollos de auga* e *O último barco*. Toda a saga está ambientada en **Vigo**, na súa baía e nos seus arredores, que coinciden coa traxectoria da ruta xacobeá que nos ocupa.

Percorrendo as súas páxinas poderedes visitar a **Illa de Toralla**, o **Monte do Castro**, o **Areal** ou a **Taberna de Eligio**, moi preto da Porta do Sol, onde se poden tomar tapas tradicionais. Son famosos os seus choccos e as súas xoubas rebozadas, acompañados dun viño da zona servido en cunca, como o degustaban pintores e escritores da talla de **Cunqueiro**, **Laxeiro** ou **Maside**, que converteron o establecemento nun lugar de animados faladoiros desde que se inaugurou en 1905.

A baía viguesa tamén é o escenario elixido por **Xulio Verne** para situar parte da acción da súa novela *20.000 leguas de viaxe submarina*. Imaxinou o autor francés un fondo mariño repleto de tesouros, debido aos afundimentos de barcos que se produciron durante a Batalla de Rande. Nela loitaron en 1702 no marco da Guerra de Sucesión Española as tropas hispano-francesas contra as anglo-holandesas, cuns galeóns que proviñan de América cargados de xoias, prata e ouro como centro da disputa.

Desta forma, o capitán Nemo ao fronte do Nautilus e a súa tripulación recuperaron parte dese botín e así o describe o autor: «O fondo estaba sementado deses tesouros. Cargados do precioso botín, os homes regresaban ao Nauti-

Vigo celebra anualmente a súa feira do libro a finais de xuño e principios de xullo na praza de Compostela. É un bo plan de ocio se vos coincide visitar a cidade nestas datas. Así mesmo, visitantes e veciños poden descargar o Mapa Literario de Vigo, elaborado pola Biblioteca Xosé Neira Vilas e o Concello de Vigo, no que se sinalan lugares da cidade que serven de localización en diversas publicacións. Deixámosvos o [enlace](#) para que podíades acceder a el.



Monte de Santa Trega



lus, depositaban nel a súa carga e volvían a emprender aquela inagotable pesca de ouro e prata».

Actualmente, **Ledicia Costas** e **María Oruña** son dúas das escritoras máis recoñecidas de Vigo e ambas tamén comparten a profesión de avogadas. *Infamia*, da primeira, e a triloxía de *Los libros de Puerto Escondido*, da segunda, son títulos moi recomendados entre público e crítica.


Continuando coa recompilación literaria desta ruta chegamos á provincia da **Coruña**, concretamente a **Iria Flavia**, lugar considerado epicentro do traslado do corpo do apóstolo que chegara a este enclave a través da Ría de Arousa. Pero tamén é o lugar de nacemento dun dos máis destacados escritores no ámbito internacional, **Camilo José Cela**, cuxa traxectoria foi recoñecida con, entre outros premios moi importantes, o Nobel de Literatura en 1989.



Ondas do mar de Vigo, Quantas sabedes amar amigo o Ay ondas que eu vin veer son tres dos poemas que escribiu **Martín Codax**, o trobador de orixe viguesa que fixo constantes referencias ao seu lugar de nacemento na súa obra, escrita en galego-portugués e recollida no Pergamiño Vindel. Actualmente, esta recompilación consérvase na Biblioteca Morgan de Nova York e foi descuberta de forma casual polo libreiro Pedro Vindel, en honra ao cal leva o seu nome.

A temática xacobeá e a literatura de viaxes está moi presente na súa produción. *A la sombra del apóstol*, *Santiago de Compostela*, *Camino a Compostela*, *Peregrinos* ou *Compostela* son algúns dos títulos de artigos ou capítulos de publicacións nos que reflicte o seu interese polo Camiño de Santiago. Traballador incansable e polifacético, abordou poesía, ensaio, libros de viaxes, novela e contos, enriquecendo a literatura universal con títulos como *La familia de Pascual Duarte*, *San Camilo*, *Mazurca para dos muertos*, *Madera de boj*, *La colmena* ou *Pabellón de reposo*.

Destacan entre as súas obras libros de viaxes, con títulos como *Galicia*, *Viaje a la Alcarria*, *Vagabundo por Castilla*, *Páginas de geografía errabunda* o *Del Miño al Bidasoa*. *Notas de un vagabundaje*.



Camilo José Cela

O seu legado cultural consérvase e difúndese desde a [Fundación Camilo José Cela](#), que vos invitamos a visitar na mesma Iria Flavia. Nela poderedes achegarvos ao museo, á biblioteca, á



Fundación Camilo José Cela

súa colección de arte e obxectos curiosos e coñecer rutas literarias por [Iria Flavia](#) e [Padrón](#), pero tamén pola [Coruña](#), [Santiago de Compostela](#) ou [Ribadeo](#), que aparecen recollidas nos seus escritos que tanto inspiraron o autor. Galicia, coas súas paisaxes e a súa xente, foron unha constante presente na literatura de Cela, terra á que sempre regresou e coa que sempre estivo unido vital e profesionalmente. Desde a súa fundación editou as revistas *El Extramundi* e *Papeles de Iria Flavia* e desde *Papeles de Son Armadans* ofreceu espazo para que escribieran autores galegos e doutras partes de España nas linguas oficiais do país.

Considérase que Cela dedicou unha teraloxía á terra que o viu nacer. *Madera de boj*, adicada ao mar e ambientada na Costa da Morte; *La rosa*, centrada nas terras do interior bañadas por ríos, como a súa natal, onde recompila as súas memorias; *Mazurca para dos muertos*, coa montaña como escenario, onde se fai eco da vida rural e de tradicións folclóricas dos anos 30 e 40 do pasado século e *La cruz de San Andrés*, con desenvolvemento urbano na Coruña, onde a súa protagonista, Matilde Verdú, fai unha longa e dura confesión ao lector mentras recorda a súa vida.

Camilo José Cela deixou escrito: «E desde agora mando, e por iso o publico, que o meu cadáver, tras ser restregado co flor de toxo, sexa incinerado e as cinzas botadas ao mar desde a borda de sotavento dun barco que navegue, a non menos de cinco millas da costa, entre o Cabo Fisterra e Touriñán». As visitas do gañador do Premio Nobel ao «fin do mundo» foron reiteradas e alí pasou tempadas investigando sobre tradicións e xente da Costa da Morte, con **Benjamín Trillo** como anfitrión, gran divulgador da zona e da ruta xacobea que avanza ata Fisterra e Muxía, que quedarán reflectidas na súa novela *Madera de boj*. Nesta conforma unha viaxe desde Fisterra a Noia plagada de naufraxios, fábulas, tradición, historia e folclore. «O ruído do mar non vai e ven, como pensa Floro Cedeira, o pastor de vacas, senón que ven sempre, zas, zas, zas, zas, zas, desde o principio ata o fin do mundo e as súas miserias».

Obra realizada para o Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021